

Guía resumo

Programa de medidas urxentes para paliar o
impacto do incremento do custo do combustible e
subministracións nos sectores agrario, gandeiro,
pesqueiro e do transporte

MUR-COMB_SUBM/2022

2022

GUÍA RESUMO

Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte

1. DESTINATARIOS/AS	3
2. EXCLUSIÓNS.....	4
3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE.....	4
4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.....	5
5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.....	9
6. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E PAGO.....	9
7. COMPROMISOS E OBRIGAS.....	10
8. CONTÍAS E COMPATIBLE.....	10

Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incemento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte

1. DESTINATARIOS/AS

Estas axudas van dirixidas ás persoas traballadoras por conta propia ou autónomas, pequenas empresas e microempresas calquera que sexa a súa forma xurídica, que figuren dadas de alta **con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022**, no censo de actividades económicas en calquera dos sectores de actividade relacionados no Anexo 4, e que cumpran os seguintes **requisitos**:

1. Ter o domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña.
2. Estar dadas de alta nalgún dos sectores de actividade conforme ao indicado no Anexo 4, segundo figure no seu Certificado de Situación Censual actualizado.
3. Estar dada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, no caso de persoas físicas.
4. Non atoparse incursas en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa e pequena empresa, atenderase ao indicado no artigo 2 do Anexo 1 do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal:

1. Na categoría das PEME, defínese **pequena empresa** como unha empresa que ocupa a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.
2. Na categoría das PEME, defínese **microempresa** como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Sectores de actividade incluídos no Anexo 4 das bases reguladoras e polo tanto, destinatarios das axudas:

SECTORES AGRARIO, GANDEIRO, PESQUEIRO E DO TRANSPORTE					
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	AGRUPACIÓN	GRUPOS EPÍGRAFES
SERVIZOS AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIS E PESQUEIROS*	EMPRESARIAL	1	0	01- 07	011 - 071
	EMPRESARIAL	1	9	91	911 e 912*
	PROFESIONAL	2	0	09	099
	<i>*Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que consonte o artigo 78.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos ao feito impoñible desde imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B05 Pesqueira</i>				
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA	EMPRESARIAL	1	7	72 e 75	722 e 751.6
	PROFESIONAL	2	6	61 e 69	612 e 699

*[912] Neste epígrafe unicamente serán subvencionables os servizos relacionados coa pesca

2. EXCLUSIÓNS

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores e as corporacións de dereito público (Confrarías...)

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade.

Os/as autónomos societarios só poderán presentar a súa solicitude no caso de que desenvolvan unha actividade pola súa conta nalgún dos sectores de actividade sinalados no Anexo 4 e tendo en conta o indicado no parágrafo anterior.

3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de axudas iniciarase o día **28 de abril de 2022 ás 09:00 horas**, unha vez publicada a convocatoria no BOP a través da remisión

da mesma á BDNS e ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado ou en todo caso o 28 de xuño de 2022 ás 14:00 horas.

4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As persoas interesadas en participar na convocatoria Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, garndeiro, pesqueiro e do transporte, deberán presentar a correspondente solicitude, a través do apartado correspondente á convocatoria da **plataforma telemática SUBTeL** (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>), mediante a sinatura dixital da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica, cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que sexa requirida.


Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o/a solicitante, no caso de persoas físicas, e o representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de **sinatura electrónica**.

Cando non sexa o propio solicitante o que realice a presentación (firme e envíe a solicitude de axuda), é dicir, cando a presentación se faga a través dun representante, deberá achegarse o documento que acredite a designación de representante polo solicitante, cuxo modelo está dispoñible na plataforma SUBTeL, agás no caso de que o representante figure como tal no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria, no que se presumirá vixente a dita representación.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.


Pasos a seguir para a presentación:

1. Acceder á plataforma telemática SUBTeL a través do enlace <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>



The screenshot shows the login page of the SUBTeL platform. The page has a dark blue header with the Deputación DA CORUÑA logo and the text 'Inicio Ayuda'. Below the header, there is a section titled 'Entrada' (Login) with the instruction: 'Para entrar na plataforma debe introducir o seu usuario e contrasinal. Se non dispón dun usuario, pode rexistrarse como un novo.' There are two input fields: 'Usuario:' with a placeholder 'O seu enderezo de correo electrónico' and 'Contrasinal:' with a placeholder 'O seu contrasinal'. Below the fields, there is a small text 'Non lembra o seu contrasinal?'. At the bottom of the login section, there is a 'Entrar' button and a 'Rexístrase' link. To the right, there are three user type options: 'Usuario Deputación', 'Usuario Entidade Local', and 'Usuario de [icon]'. The footer of the page features the SUBTeL logo. The browser's address bar shows the URL 'sede.dacoruna.gal/subtel/acceso/login?g=aRR0cHMSlySzZW6LmR1Y2JyW5hl_mdbbC3sdW02WwZVwzG4v9S2W51'. The system tray at the bottom shows the date '20/06/2022' and time '13:41'.

2. Para entrar na plataforma debe introducir o seu usuario e contrasinal. Se non dispón dun usuario, pode rexistrarse como un novo.



Rexistro dunha nova conta de acceso

Os usuarios dos concellos ou entidades locais non teñen que rexistrarse, xa teñen os usuarios creados. Se non recibiu o usuario no seu concello ou entidade local, póñase en contacto con nós.

Indique o seu usuario e contrasinal

Usuario: (a súa dirección de correo electrónico)

A súa dirección de correo electrónico

Contrasinal:

Su contraseña

Repite o contrasinal:

O seu contrasinal


Código de seguridade:

my62e

Introduza o código

Rexistar

3. Abrirase unha pantalla na que se amosarán as convocatorias con prazo de presentación aberto:



Nova solicitude

Seleccione o tipo de solicitude que desexa crear.

Só se mostran as convocatorias con prazo de presentación aberto

Si desexa información sobre todas as convocatorias visite a páxina de información das convocatorias

Central de Contratación Programas de Central de Contratación.

DP0002	Adhesión a Central de Contratación da Deputación da Coruña	Solicitar
DP0003	Adhesión a un contrato da Central de Contratación da Deputación da Coruña	Solicitar

Emprego Programas de Emprego.

PEL-REACTIVA II	Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxes, no marco do PEL- Reactiva	Solicitar
Bases reguladoras		


Medio ambiente Programas de Medio ambiente.

MA100	Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020	de orzamento por solicitude.	dende 6.756,00 ata 33.840,00 de concesión por solicitude	Solicitar
Ordenanza xeral		Bases reguladoras		

Persoal Programas de Persoal.

PREPROD

4. Dirixirse ao apartado MEDIO AMBIENTE Programas de Medio Ambiente e premer no botón SOLICITAR correspondente á convocatoria MUR-COMB_SUBM/2022.



Medio ambiente Programas de Medio ambiente.

DP0037	Programa de axudas para a asociacións protectoras de animais domésticos para investimentos durante o ano 2022	de orzamento por solicitude.	dende 1.000,00 ata 15.000,00 de concesión por solicitude.	Solicitar
PREM-LACAL	Premio de traballos de investigación escolar "LAZOS CORUÑESES CON AMERICA LATINA" da Deputación Provincial da Coruña			Solicitar
MUR-COMB_SUBM	Programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte			Solicitar
MA100	CONCELIÓN A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2022	de orzamento por solicitude.	\$3.840,00 de concesión por solicitude.	Solicitar
DP0035	Programa de axudas para a asociacións protectoras de animais domésticos durante o ano 2022	de orzamento por solicitude.	dende 1.000,00 ata 15.000,00 de concesión por solicitude.	Solicitar


Normalización lingüística Programas de Normalización lingüística.

PREM-RC	XIII Edición do premio "Rosalla de Castro" para a promoción da lingua galega.			Solicitar
---------	---	--	--	-----------

Persoal Programas de Persoal.

BENSEG	Designación de beneficiarios dos seguros de vida e accidentes			Solicitar
--------	---	--	--	-----------

5. Abrirase a pantalla de presentación da solicitude, na que se deberán ir cubrindo axeitadamente todos campos e achegar a documentación requirida debidamente asinada:



Guía da solicitude

Nesta guía poderá ver os diferentes apartados que ten que completar na solicitude.

Paso 1: Completar os datos da guía (Actual) | Paso 2: Asinar e enviar | Paso 3: Solicitude presentada

MUR-COMB_SUBM: Solicitude de axuda no programa de medidas urxentes para paliar o impacto do incremento do custo do combustible e subministracións nos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e do transporte


Datos xerais

Datos do solicitante (persoa física ou xurídica)	Pendente	Modificar
Datos do representante (persoa física)	Requirido nalgúns casos	Modificar
Notificación	Pendente	Modificar
Declaracións e compromisos	Pendente	Modificar
Outros datos	Pendente	Modificar

Documentos e anexos

Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) actualizado	Pendente	Modificar
Certificado de Vida laboral do/a autónomo/a actualizado onde conste a data de alta no RETA	Requirido nalgúns casos	Modificar

6. Unha vez completados todos os campos, premerase o botón PRESENTAR:



1- No caso de PERSONAS FÍSICAS SIN REPRESENTACIÓN: non é necesario subir ningún documento neste apartado
2- No caso de PERSONAS FÍSICAS CON REPRESENTACIÓN: deberán descargar o documento de autorización anexo e enviarlo asinado pola persoa solicitante (manuscrito ou dixital) e pola representante dixitalmente
3- No caso de PERSONAS JURÍDICAS: deberán aportar calquera documento que acredite a representación (escrituras, nomeamento de administración...)

Certificación expedida pola Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) de atoparse ao corrente das obrigacións tributarias
Este documento é de APORTACIÓN VOLUNTARIA (non obrigatorio)
O documento ha de conter o Código Seguro de Verificación a AEAT (CSV) Requirido ningún caso Modificar

Certificación expedida pola Seguridade Social de atoparse ao corrente das cotas ou cotizacións
Este documento é de APORTACIÓN VOLUNTARIA (non obrigatorio)
O documento ha de conter o Código Electrónico de Autenticidade da SS (CEA) Requirido ningún caso Modificar

Certificación orixinal dos datos bancarios segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña
É OBLIGATORIA a presentación da certificación cando non se achegase anteriormente ou cando se queiran modificar os datos xa achegados Requirido ningún caso Modificar

Cando a solicitude se faga por representante e preciso aportar ademais o documento "Acreditación da titularidade da conta bancaria do solicitante"

Acreditación da titularidade da conta bancaria do solicitante
Con carácter transitorio, ata o 30 de xullo de 2022, o documento emitido polas entidades bancarias acreditativo da titularidade da conta das persoas xurídicas de conformidade co modelo en vigor, poderá ser asinado dixitalmente polo representante da persoa xurídica titular da conta, e deberá conter, necesariamente, a seguinte información:

- A identificación da entidade bancaria
- O código IBAN da conta bancaria
- O código Swift ou BIC cando sexa necesario
- Os datos identificadores do titular da conta: NIF e nome/denominación social


O documento é de OBLIGADA PRESENTACIÓN nos seguintes casos:

- o solicitante é un traballador autónomo/a que realiza a solicitude por medio de representante.
- o solicitante é unha microempresa

As persoas físicas que non designen representante non teñen que achegar este documento

Importante! Para poder facer a presentación ten que ter completos todos os apartados de obrigada cumplimentación: Ten que especificar a entidade ou persoa interesada

7. Una vez presentada correctamente, a plataforma xerará un xustificante de presentación da solicitude:



D. Relevo: 15/04/2021 11:35:04
Nº Relevo: 20219900000048
Episodio: 202000003878

Solicitud

Convocatoria: (PEL-REACTIVA II) PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO Á HOSTALARÍA E ÁS AXENCIAS DE VIAXES (Linha II PEL- REACTIVA)
Obxectivo: Solicitude de axuda no Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxes, no marco do PEL- Reactiva

INTERESADO
NIF: ****0228** NOME: MARÍA DEL CARMEN VILLAR RODRÍGUEZ

REPRESENTANTE
NIF: ****0228** NOMBRE: Mª DEL CARMEN VILLAR RODRÍGUEZ

OUTROS DATOS
Epígrafe polo que figura no Censo de Actividades Económicas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. No caso de que o solicitante non figure de alta nalgún dos epígrafes do IAE da selección non tería dereito á axuda: Epígrafe de agrupación 07 (bares e restaurantes)
IBAN da conta bancaria onde figure como titular a persoa física (traballador/a autónomo/a) ou xurídica (microempresa) solicitante da axuda (24 díxitos) Os solicitantes que fagan a presentación da solicitude de axuda por medio de representante e a microempresas terán ademais que presentar un documento expedido pola entidade bancaria que acredite dita titularidade: 22222222222222222222

DOCUMENTACIÓN APORTADA

- » Certificado de Situación Censual da Agencia Estatal Tributaria actualizado.
aportado no arquivo (Mayca prueba.pdf)
con resumen: 2ab6bae4e87c3cb83a47ce400c714529480e398
- » No caso de ser PERSONA FÍSICA: Certificado de Vida laboral do/a traballador/a autónomo/a actualizado onde conste a data de alta no RETA.
aportado no arquivo (Mayca prueba_signed.pdf)
con resumen: f6c2b85232fa3c3092e2ba104b0b9fed1cb0ea
- » No caso de persoas xurídicas e/o físicas, nas que a solicitude non está asinada pola solicitante, documento que acredite a representación en favor da persoa que realice a presentación (firme e envíe a solicitude de axuda).
No aportado.
- » No caso de Persoas físicas que actúen a través de representante e de persoas xurídicas: certificación bancaria ou documento de banca electrónica que contenga a seguinte información: - Nome ou razón social - CIF/NIF - Identificación da conta bancaria (código IBAN/COC)
No aportado.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

No momento da solicitude os solicitantes deberán subir á plataforma Subtel a seguinte documentación:

- **Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria** actualizado.
- No caso de ser **PERSONA FÍSICA: Certificado de Vida Laboral do/a autónomo/a** actualizado onde conste a data de alta no RETA.
- No caso de persoas xurídicas e/ou físicas con representante: **Documento ou sinatura dixital que acredite a representación**, agás no caso de que o representante figure como tal no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado, no que se presumirá vixente a dita representación.
- **Información de datos bancarios:**
 - a) **Persoas físicas que actúen no seu propio nome:** designación de conta bancaria (código IBAN ou CCC)
 - b) **Persoas físicas que actúen a través de representante ou persoas xurídicas:** certificación bancaria ou documento de banca electrónica que conteña a seguinte información:
 - Nome ou razón social
 - CIF/ NIF
 - Identificación da conta bancaria (código IBAN/CCC)

6. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E PAGO

O procedemento de concesión establecido para este programa é o de **concorrenza non competitiva**.

A concesión, realizarase nun único acto administrativo, mediante resolución da Presidencia da Deputación, previa comprobación da concorrenza na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito dispoñible de 5 millóns de euros.

A concesión resolverase por orde de rexistro de entrada das **solicitudes completas** presentadas.

Naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, **entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que tal requirimento estivese correctamente atendido.**

No caso de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia referida a súa solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento á persoa solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

A resolución de concesión e pago notificarase aos interesados a través da plataforma SUBTeL, e de conformidade co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da referida Lei 39/2015.

7. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os compromisos e obrigas das persoas beneficiarias ou entidades son os recollidos na base xeral 4.

8. CONTÍAS E COMPATIBILIDADE

O importe a recibir será unha contía fixa de **3.000 euros por persoa beneficiaria** que cumpra os requisitos, ata esgotar o crédito dispoñible.

O programa é **compatible** con calquera outro programa ou axuda concedida por entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade, **sempre que o importe total das axudas percibidas polos mesmos conceptos non supere o custo total dos gastos subvencionados.**

IMPORTANTE:

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar a Deputación, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han de contar dende a data de percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

Neste senso, deberá terse en conta o seguinte:

1. O/a beneficiario/a deberá conservar as facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente por importe superior a 3.000 euros (sen ter en conta o IVE deducible) correspondentes a gastos realizados e efectivamente pagados dende o 1 de xaneiro de 2022 e ata o 30 de xuño de 2022, imputables a algún dos conceptos de gasto establecidos no Anexo 3 das bases reguladoras e que son:

Conta	Descrición da conta
601	Compras de materias primas (só en concepto de combustible)
602	Compras de outros aprovisionamentos (só en concepto de piensos, cereais e forraxes)
628	Subministracións (só en concepto de enerxía eléctrica)

2. Os pagos dos gastos subvencionables correspondentes a cada unha das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente presentados, deberán quedar acreditados mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo); non obstante, para os pagamentos de gasto que non excedan de 150€ abondará co recibín do perceptor inserido no seu propio documento de gasto.